

la voz de la

escuela

www.prensaescuela.es



EFE

Una persona en pijama observando una de las obras que se exponen en el Rubin Museum, de Nueva York

Los museos quieren que los visiten

El próximo sábado, 18 de mayo del 2019, se celebra la Noche Internacional de los Museos, una invitación con la que estas instituciones intentan atraer nuevo público a sus espacios

1. La Larga Noche de los Museos. Una cita cultural organizada de forma conjunta con varios museos e instituciones en un lugar que permanece abierto hasta primera hora de la noche. Busca atraer a nuevas personas a las instituciones culturales. Una entrada común permite a los visitantes acceder a todas las exhibiciones y les da acceso al transporte público requerido para llegar a los distintos lugares.

2. Berlín 1997. La primera Larga Noche de los Museos europea (en alemán, Lange Nacht der Museen) tuvo lugar en Berlín en 1997. La idea fue muy bien recibida, y desde entonces el número de instituciones participantes y exhibiciones ha crecido considerablemente, llegando a más de 120 ciudades a lo largo de Europa y del resto del mundo. En Barcelona, por ejemplo, la edición del 2013 reunió a 130.000 visitantes repartidos en 62 espacios.

3. Experiencia de museo amable. Visitas comentadas e ilustradas, rutas divertidas, talleres, proyec-

ciones, degustaciones, espectáculos en vivo, animaciones excepcionales le darán a una gran audiencia una experiencia de museo amable, cercana y original. Normalmente están controlados por el Ministerio de Cultura de cada país, que facilita el registro y promueve las diversas actividades.

4. Cocrear, compartir, interactuar. El Día Internacional de los Museos 2019 se centrará en los nuevos papeles que desempeñan como actores activos en sus comunidades. Ese papel de los museos en la sociedad está cambiando. Se están reinventando continuamente para ser más interactivos, centrados en la audiencia, orientados a la comunidad, flexibles, adaptables y móviles. Se han convertido en ejes culturales que funcionan como plataformas donde la creatividad se combina con el conocimiento y donde los visitantes pueden cocrear, compartir e interactuar.

5. Formas innovadoras de ayuda. A la vez que promueven su misión

principal de registro y conservación, comunicación, investigación, exhibición, los museos han transformado sus actividades con el fin de acercarse a las comunidades a las que sirven. Hoy buscan formas innovadoras de abordar y ayudar a resolver problemas y conflictos sociales contemporáneos.

6. Nuevo sentido social de los museos. A medida que se desarrollan cada vez más en su papel de centros culturales, también encuentran nuevas formas de presentar y valorar sus colecciones, historias y legados, creando tradiciones que tendrán nuevos significados para las generaciones futuras y una nueva relevancia para un público contemporáneo y global cada vez más diverso. Esta transformación, que tendrá un profundo impacto en la teoría y la práctica de los museos, también obligará a los profesionales a repensar el propio valor y el nuevo sentido social de aquellos y a reflexionar sobre los valores éticos y educativos que definen la naturaleza misma de su trabajo.

actividades

A1. ICOM (International Council of Museums) ha vuelto a lanzar el mapa de actividades para que todos los museos del mundo puedan publicar sus actividades del DIM 2019: <https://bit.ly/2HaVpb2>

A2. Sección del DIM (Día Internacional de los Museos): <https://bit.ly/2Ha3qvH>

A3. Amigos de los Museos de Galicia / <http://amigos-museosgalicia.org/index.php>


A4. TEXTO EN DIRECTO: «¿Solo son piedras... en el museo?»:

«A simple vista, un niño diría que solo son piedras, pero, cuando una guía las contextualiza, los pequeños miran con más asombro los pedruscos. Algunos incluso se animan a tocarlos porque en este museo,

el Arqueológico e Histórico, que cobija el castillo de San Antón, muchas de las piezas expuestas permiten acariciar de una forma literal el pasado. “Los niños tienen la impresión de que un museo es algo muy estático, que no pueden ni acercarse a las vitrinas. Queremos que pierdan ese miedo”, cuenta Ana Martínez, técnica del Arqueológico. Para romper con este estereotipo, el espacio aprovechó la jornada de puertas abiertas por la Semana de los Museos para desplegar sus encantos... “Es muy divertido, exclama Elena, una de las niñas que escuchan la crónica sobre las primeras piezas que compusieron los humanos de este rincón del Atlántico” (M. Méndez, La Voz 20/5/2018).

> 4-5

Graham Greene, la aventura llevada a las novelas



> 6

Europeas, locais, autónomas... más elecciones



> 7

Mallory, Irvine: o misterio que agocha o cume do Everest




Visita la web de
PRENSA-ESCUELA
www.prensaescuela.es

A Noite Europea dos Museos 2019

F A Nuit Européenne des Musées foi creada en 2005 polo Ministerio de Cultura e da Comunicación de Francia. Durante unha apertura nocturna, os visitantes poden descubrir gratis as coleccións dos museos e todos os actos especiais organizados para ese día. A Noite dos Museos ten como obxectivo facer que estes sexan máis accesibles ao público en xeral e en particular a un novo público, máis mozo. Quere xerar tamén unha rede europea nunha

cita común festiva e amigable. O Consello de Europa e a Unesco apadriñan o festival, e a Federación Francesa de Amigos dos Museos e a Reunión dos Museos Nacionais franceses son socios institucionais. Por estas razóns situamos a información especialmente sobre actividades da Nuit Européenne des Musées que teñen lugar en Francia e a súa repercusión, sen dúbida creativa e orixinal, no noso hábitat educativo máis próximo. > **Jesús Garrido**



SIMELA PANTZARTZI / EFE

Varias persoas visitando o museo do Partenón na Acrópole de Atenas, Grecia, durante unha celebración pasada da Noite Europea de Museos

1. DESCUBRE O TRÁILER DE NUIE EUROPEENE DES MUSÉES!

F O sábado, 18 de maio de 2019, estás invitado a unha noite chea de misterios, de descubrimentos e emocións. Que preparan os museos para a 15.ª edición da Nuit Européenne des Musées? Espectáculos, talleres de estudos, iluminacións ou mesmo visitas insólitas: os museos abrirán as súas portas gratuitamente por todas partes en Francia e en Europa. A Noite anúnciase máxica! Unha noite para o descubrimento do patrimonio corso, os museos no val Central do Loira, permiso de media noite en Ille de France, con diversas visitas importantes, na escuridade dos museos en Pays do Loira. Podes velos, con tradución ao español, nesta dirección (moi importante!: en cada unha destas visitas aparece a participación e presenza de alumnos de diversos colexios):
 ■ <https://bit.ly/2Jcmmxa>

2. A CLASE, A OBRA!

F Para esta nova edición 2019, a dimensión europea da operación A clase, a obra! plásmase a través da participación, por primeira vez, do Museo do Greco, situado en Toledo. Proporá aos visitantes o estudo e pistas para resolver os chamados enigmas do Greco, as cores das súas obras, os pigmentos utilizados, os retratos realizados... Os visitantes terán a axuda de alumnos do IES Serafad, de Toledo.

Actividades para o 2019: Cando as obras dos Museos toman vida grazas aos recursos dixitais, A clase, a obra!: isto pasa tamén en Europa!, Cando a música entra tamén no museo, A natureza invita ao corazón dos museos, Xogos, enigmas, investigacións... veña para xogar no museo, Novos museos e novos proxectos, A clase, a obra! na Academia de Estrasburgo.

■ <http://traduction.culture.gouv.fr/url/Result.aspx?to=es&url=https://nuitdesmusees.culture.gouv.fr/La-classe-l-oeuvre>

3. A UNESCO, FELIZ POR APOIAR 11 ANOS CONSECUTIVOS A NUIE EUROPEENE DES MUSÉES

F Nun contexto global que continúa atentando contra a diversidade cultural a través do mundo e contra a liberdade dos pobos, é importante proseguir e facer prevalecer este acontecemento de grande alcance que fai a cultura accesible a todos e que quere ser portador dunha mensaxe de tolerancia, de comprensión mutua e de paz.

A Unesco asociarase unha vez máis con esta bela iniciativa abrindo as súas portas ao gran público. A Nuit Européenne des Musées será a ocasión de descubrir a arquitectura dos edificios da propia Unesco (obras de Marcel Breuer, Luigi Nervi e Bernard Zehrffuss) e unha parte da súa colección notable de obras de arte, entre as que as hai de Alexander Calder, Errou, Alberto Giacometti, Joan Miró, Henry Moore, Pablo Picasso, Eduardo Chi-

llida e Isamu Noguchi, entre outros.

■ <https://bit.ly/2YgBJly>

4. TRINTA PAÍSES

F O sábado 18 de maio de 2019 terá lugar a Noite Europea dos Museos. Esa noite haberá visitas comentadas e alumadas, actividades, proxeccións, degustacións, espectáculos e animacións que mobilizarán a máis de 3.200 museos en trinta países europeos. Aquí tes un mapa no que, picando en cada país, e insistindo co rato varias veces (especialmente en Francia), podes ver o alcance deste proxecto que celebra xa a súa 15.ª edición.

■ <http://traduction.culture.gouv.fr/url/Result.aspx?to=es&url=https://nuitdesmusees.culture.gouv.fr/Programme>


5. COMO PARTICIPAR NA NOITE DOS MUSEOS EN GALICIA?

F Indicamos, en primeiro lugar, unha dirección ampla dos museos en Galicia, pero é necesario consultar en cada provincia e cidade que museos participarán dalgún modo na idea desta noite aberta e, por suposto, a planificación que cada colexio poida activar.

■ **A Noite dos Museos en Galicia:** <http://museos.xunta.gal/es/>

■ **Museos de Galicia. Noticias de actualidade e históricas:** <http://museos.xunta.gal/es/novas>

■ **Na Coruña:** <https://yhoo.it/2YggVAP>



No exame tipo test, le ben as instrucións antes de comezar e responde primeiro as preguntas que saibas

ef ESCUELA DE FAMILIAS

▣ **TEMA DO MES:** Exames finais.

▣ **ETAPA:** Educación obrigatoria.

▣ **A FRASE:** «O xenio faise cun 1 % de talento e un 99 % de traballo» (Albert Einstein).

▣ **ALGUNHAS CLAVES:** Levar todo o material necesario e controlar o tempo durante o exame.

▣ **ERROS QUE EVITAR:** Ir ao exame sen ter descansado o suficiente.

▣ **PARA SABER MÁIS:** A revista «¿Y ahora qué?» ofrece numerosos recursos para decidir que e onde estudar, aspectos prácticos da vida estudantil, saídas laborais das distintas carreiras e outra información interesante. Na súa páxina de Internet pódese consultar o artigo «Exame tipo test: claves para aprobar con nota», na ligazón <http://yaq.es/reportajes/test>

Na busca da resposta correcta

Algúns trucos para obter un resultado bo nos exames tipo test

F Vaia por diante que o mellor truco para sacar unha boa nota nun exame tipo test (ou de calquera outra modalidade) é preparalo ben, con tempo suficiente para estudar todos os temas, aclarar ideas, relacionar coñecementos e fixar conceptos. A partir de aí, hai que admitir que hai un grupo de estudantes que locen neste tipo de exames: saben sacarlle partido ao que saben e responder con acerto, intuición e tranquilidade. Con todo, hai outro tipo de alumnado que o pasa verdadeiramente mal á hora de enfrontarse a estes tests: ponse nerviosos, léanse coas respostas e parece que non dan pé con bóla... En definitiva, non son capaces de demostrar todo o que saben. Especialmente para eles, estes trucos poden resultarles de utilidade para detectar a resposta correcta, que adoita presentarse camuflada entre tres, catro ou máis opcións parecidas, pero incorrectas.

1. Le moi ben as instrucións xerais.

En concreto, asegúrate de que queda clara a seguinte información:

- Se sempre hai unha resposta correcta ou pode que todas sexan falsas.
- Se é posible que haxa máis dunha resposta correcta e, xa que logo, haxa que marcar máis dunha.
- Se as preguntas non respondidas contan como incorrectas.
- Se hai penalización por respostas incorrectas (e cantos puntos restan).
- Canto tempo hai para facer o exame.

En todo caso, o reloxo encima da mesa adoita ser de grande axuda.

- Se se pode utilizar unha folla para facer anotacións en sucio, esquemas...

2. Responde primeiro ás preguntas que saibas.

■ Salta aquelas nas que dubidas a resposta ou esixen maior tempo de reflexión ou razoamento. A idea é que asegures eses puntos de respostas correctas e deixes o maior tempo posible para as máis difíciles.

■ Das preguntas que saltas, marca aquelas que cres que poderías responder pero que necesitas algo de tempo para pensalas.

■ O risco de responder a todas as preguntas en orde é que te bloquees nalgunha especialmente difícil e deixes preguntas que sabías sen responder ou con erros por un exceso de ansiedade que che impida pensar con claridade.

3. Agora continúa coas máis difíciles pero que saibas responder.

■ Volve ao principio e responde as que marcaches como que probablemente podes responder ben. Dédicalles un tempo razoable para dar a resposta correcta. Se ves que algunha delas encalla, pasa á seguinte.

■ Nesta segunda volta xa terás respondido a todas as preguntas que sabes.

■ Só quedan por responder as que tes dubidosas ou das que directamente non tes nin idea. É o momento de preguntarte canto tempo queda e de

calcular os puntos que sumaches, para valorar se paga a pena arriscar coas non contestadas no caso de que penalicen.

4. Decide se responder ou non ás preguntas nas que dubidas.

■ Se non hai penalización por respostas incorrectas (o máis infrecuente), non hai nada que dubidar: responde a todas, incluso aínda que non teñas nin idea.

■ Se hai penalización por respostas incorrectas e tamén por preguntas non respondidas, igual que no caso anterior, hai que responder a todas as cuestións.

■ Se penalizan as respostas incorrectas, pero as preguntas non respondidas non quitan puntos... só debes responder se tes certa probabilidade de acertar. E esta probabilidade de éxito elévase cando podes descartar unha ou máis opcións porque xa sabes que son incorrectas. Se non es capaz de descartar ningunha resposta e calculas que alcanzas o aprobado coas que contestaches ben, mellor déixao así e non te arrisques a baixar nota.

5. Repasa as respostas.

Se tes tempo, revisa as túas respostas e asegúrate de que liches ben os enunciados. E, por suposto, mira de ter posto o teu nome ao exame!

> **Ana T. Jack**

anatjack@edu.xunta.es

Ante preguntas complicadas

1 Le e relé a pregunta con calma. Unha simple coma ou un adverbio poden cambiar todo o sentido da frase.

2 Intenta buscar a resposta na túa cabeza sen ler as opcións. Este esforzo pode evitar que te equivoques ao escoller a resposta correcta.

3 Le todas as opcións. Aínda que che pareza a primeira vista que sabes cal é a correcta, talvez haxa outra parecida pero máis exacta.

4 Teñen moitas probabilidades de ser falsas:

- Respostas que gramaticalmente non encaixan ben coa pregunta.
- Os valores extremos: en respostas numéricas, valora primeiro as respostas intermedias antes de decidirte polo valor máis baixo ou máis alto (que pode darse, por suposto).
- As opcións con palabras absolutas (nunca, sempre, xamais).

5 Teñen probabilidade de ser certas:

- A que escolles por instinto entre dúas que entre as que dubidas.
- As respostas máis longas (a persoa que elaborou o test quere que a resposta sexa totalmente correcta, e para logralo talvez tivera que engadir máis detalle).
- A opción «Todas as anteriores» se polo menos dúas das respostas che parecen correctas.

Una educación de calidad empieza con una buena información.

Suscríbete ya a la newsletter de educación
www.lavoz.es/newsletter

► Reportajes exclusivos
Entrevistas
Informes nacionales e internacionais
Actualidad educativa
DOG, BOE y avisos

Todo está cambiando

> MAESTROS DE LA LITERATURA UNIVERSAL

Graham Greene, el legado de un aventurero

En este 2018-19, desde La Voz de la Escuela seguiremos atendiendo, con una periodicidad mensual, a los grandes escritores de la literatura universal, para dar continuidad a lo iniciado en cursos anteriores. Con la salvedad de que este año no nos limitaremos a la divulgación solo de grandes novelistas, sino que atenderemos también a grandes figuras de otros géneros literarios, como la poesía y el teatro, que han alcanzado importancia y trascendencia en las letras de todo el mundo

Graham Greene (Reino Unido, 1904-Vevey, Suiza, 1991) es uno de los grandes escritores del siglo XX. En él se compaginan, mejor que en ningún otro, la calidad literaria y la popularidad entre los lectores. Muchas de sus novelas fueron llevadas al cine de forma excelente, lo que contribuyó también a que su nombre se hiciera familiar. A Graham Greene nunca le concedieron el Nobel de Literatura, a pesar de que fue perpetuo candidato. Tampoco mostró demasiado interés en recibir el galardón: «Soy demasiado popular para ganarlo: yo no escribo cosas complicadas», solía decir. Sin embargo, su literatura era de una simplicidad engañosa, porque detrás había un gran dominio de la técnica narrativa que, como en el caso de su compatriota John Le Carré, nos devuelve el gusto por las historias bien contadas, esas que se leen de un tirón y saben a poco. Y sus personajes son figuras muy completas, con vida y autonomía propias, con pensamientos y psicología minuciosamente estudiados, muy lejos de ser chatas figuras creadas para hilvanar una trama.

APUNTES BIOGRÁFICOS

Graham Greene era el cuarto de los seis hijos que llegaron a tener Charles Henry Greene y Marion Raymond Greene, primos hermanos y miembros de una extensa e influyente familia británica, con destacados miembros en el mundo de las finanzas, de los negocios y, también, de la literatura. Su padre fue director del colegio donde estudió, lo que fue para él una muy mala experiencia. Sufrió abusos y humillaciones (acoso escolar, le llamábamos hoy) porque no secundaba a los alumnos más díscolos en sus protestas y luchas contra el director. Lo pasó muy mal, según el mismo escritor dejó dicho. Congraciarse con sus compañeros o ser fiel a su padre le supuso vivir en una esquizofrenia constante de la que le costó mucho curarse. Cuando contaba 16 años de edad, fue sorprendido con el revólver de su hermano mayor en las manos. Según confesión del escritor, aquella tarde había jugado a la ruleta rusa cuatro veces. En una ocasión le comentó esta grave anécdota a Fidel Castro en La Habana. A lo que el comandante Fidel le respondió: «Si el tambor era de seis balas y se disparó en la sien en cuatro ocasiones, usted está matemáticamente muerto». Graham Greene le contestó: «Bueno, yo no creo en las matemáticas».

Después de aquella milagrosa experiencia, sus padres lo llevaron a Londres para que lo tratase un psicoanalista. Fueron,

según confesión propia, los mejores seis meses de su vida. Además, el trabajo psicológico dio buenos resultados —aunque le quedaría para siempre una depresión intermitente—, pues el joven entró en la Universidad de Oxford en la que se licenció en Historia, si bien empezó su vida laboral trabajando como periodista en Nottingham y después en el *Times*. Con 23 años conoció a una mujer católica, Vivien Dayrell-Browning, con la que acabaría casándose al año siguiente, después de convertirse él al catolicismo. De este matrimonio nacieron dos hijos, Lucy y Francis.

Veintiséis años más tarde, en 1948, Greene dejó a Vivien por Catherine Walston, aunque siguieron casados legalmente. La nueva pareja de un Graham Greene ya famoso era una norteamericana de 30 años, casada con un multimillonario inglés. Mujer muy atractiva, madre de cinco hijos, su comportamiento era el de una aristócrata rica que vivía de acuerdo con sus caprichos. La relación entre ambos duró doce años, pues en 1960 se separaron cuando ella se enamoró de otro.

Unos pocos años más tarde conoció a Yvonne Cloetta, una francesa mucho más joven que él y también separada de su marido, con la que vivió en el pueblo de Antibes, una localidad de la Costa Azul, de donde ella era natural. Cuando murió Greene, en su funeral, a ambos lados del féretro del escritor, se encontraron su esposa, Vivien Dayrell, de 86 años, y su amante Yvonne, de 60, con la que convivió los últimos treinta años de su vida. Una escena que podría ser incluida en cualquiera de sus novelas y ser, por supuesto, llevada al cine con éxito.

ESCRITOR Y VIAJERO

Graham Greene siempre fue visto como un gran viajero y aventurero, seguramente porque se sabía que había sido esta grave anécdota a Fidel Castro en La Habana. A lo que el comandante Fidel le respondió: «Si el tambor era de seis balas y se disparó en la sien en cuatro ocasiones, usted está matemáticamente muerto». Graham Greene le contestó: «Bueno, yo no creo en las matemáticas».



JORDI SOCÍAS



Muchas de las novelas de Graham Greene fueron llevadas al cine, como «El tercer hombre» (izquierda) «El americano imposible» (sobre estas líneas) o «El agente confidencial»

con personajes humanamente muy interesantes. En efecto, muchas de sus novelas se desarrollan en momentos de gran efervescencia o crisis política, sea en Vietnam, en Cuba o en ciertos países africanos, incluyendo además la Guerra Civil española, como hace en *El agente con-*

fidencial. Son apasionantes historias que ocurren en el Haití del dictador François Duvalier (el feroz Papa Doc), la Cuba de Fulgencio Batista, la Indochina francesa o el México de la Guerra Cristera. Novelas que tuvieron un gran éxito entre el público, porque, además de la historia que narraban,

eran un aliciente para viajar con la imaginación. Eso explica que una gran parte de ellas hayan sido llevadas al cine y que algunas de estas películas, con su excelente realización, hayan quedado inmortalizadas en el imaginario colectivo, como *El tercer hombre* y *El americano tranquilo*.

Graham Greene fue, además, un viajero en el filo de la navaja fascinado por el peligro y la muerte —ya conocemos su episodio negro con el juego de la ruleta rusa— que consigue que los lugares donde transcurren sus historias y que él visitó como corresponsal de guerra, como espía o simplemente para satisfacer esa necesidad de huida que le empujaba tanto a viajar

como a escribir adquieran en sus novelas una presencia casi física, como si fuesen personajes. Leyendo a Greene podemos pasear por las calles de una Habana cálida y dulce, entre mafiosos americanos que iban a divertirse amparados por la complicidad del presidente Batista; podemos conmovernos con la dureza de un calabozo de Puerto Príncipe; o sobresaltarnos con la explosión de una mina en los arrozales de Phat Diem, en el Vietnam profundo de la guerra. Sin haber estado nunca en esos lugares tenemos la impresión de haberlos conocido como si los hubiésemos visitado.

> José A. Ponte Far

Las novelas que forjaron su fama

La vida aventurera de Graham Greene y su concepción de la vida, del arte y de la literatura tuvieron siempre un gran atractivo para las distintas editoriales británicas y americanas. En vida había rechazado varias ofertas para escribir una autobiografía, por no querer violentar su intimidad ni la de las personas que había conocido; sin embargo, a su muerte (en 1991) dejó listo para su publicación su *Diario de sueños*, escrito entre 1965 y 1989, que es un testimonio más íntimo que el que podría haber ofrecido en un relato autobiográfico. Ese diario se publicó con el título de *Un mundo propio*, y en él podemos conocer las líneas maestras de su literatura, así como lo que pensaba sobre distintos aspectos de la vida y de los valores humanos.

Entre sus novelas más conocidas señalaremos:

«El poder y la gloria» (1940)

Para muchos, la mejor novela de Greene, en la que se dan los elementos más significativos de su obra: los escenarios exóticos, en este caso el estado mexicano de Chiapas durante el mandato del presidente Plutarco Elías Calles, el conflicto interior inherente al ser humano y la sutil línea que separa el bien del mal y el valor de la cobardía.

«El revés de la trama» (1948)


En una colonia británica de África occidental, el mayor Henry Scobie malvive acompañado de otros funcionarios y de su mujer, ansiosa por regresar a Inglaterra. La llegada de una atractiva joven lo sumirá en una tórrida aventura amorosa que trastocará toda su existencia. Una reflexión sobre el amor, el pecado y el sentimiento de culpa que le valió a su autor el calificativo de escritor católico, etiqueta que Greene siempre rechazó. Toda esta profunda reflexión se esconde bajo un argumento aparentemente poco novedoso.

«El tercer hombre» (1950)

Concebida inicialmente como guion cinematográfico, está ambientada en la Viena de la posguerra. Interpretada por Orson Welles y Joseph Cotten, la película fue dirigida en 1949 por Carol Reed, sobre el guion escrito por Greene que un año más tarde se convertiría en novela.

«El americano tranquilo» (1955)

Fowler, el corresponsal de un diario londinense en Saigón, aparece en esta novela como alter ego de Graham Greene, quien realmente cubrió el conflicto entre las tropas



«El poder y la gloria» es para muchos la mejor novela del autor

francesas y el Vietnam como reportero de la revista *Life*. La idea de la intervención de una tercera fuerza que mediase en el conflicto de la Indochina francesa y el ingenioso asesor estadounidense que da nombre a la novela, un tipo tan bien intencionado como peligroso, se anticipan a la intervención americana en Vietnam. La novela fue llevada al cine en dos ocasiones: la primera, dirigida por Joseph L. Mankiewicz en 1958, y la segunda, en el 2002, dirigida por Phillip Noyce y protagonizada por Michael Caine y Brendan Fraser.

«Un caso acabado» (1961)

Querry, un arquitecto de mucho éxito, remonta el río Congo para encontrarse con su destino. Es un hombre hastiado, sumido en la indiferencia tanto ante el arte como ante la vida, que renuncia a su carrera para trabajar en una leprosería en el interior de la jungla congoleña. Allí, al tiempo que alcanza el equilibrio interior, tropezará con la hipocresía y el puritanismo de los colonos belgas. Otra novela que, además de aventura, ofrece reflexión y trascendencia.

«Los comediantes» (1967)

El Haití siniestro de Papa Doc y los *tontons macoutes*, los paramilitares que sembraron el terror en la república caribeña, es el escenario en el que transcurre esta historia de perdedores: Brown, propietario de un hotel de lujo donde ya no recalaba ningún turista, y Jones, un impostor que se hace pasar por asesor militar británico. La atmósfera espesa de Puerto Príncipe, la violencia política, la superstición y el vudú aparecen en esta brillante novela que consiguió enfurecer al dictador Duvalier.

Seguimos en tempo de eleccións

O vindeiro día 26 celebraranse comicios locais e europeos, e autonómicos nalgúns comunidades

Así que o día 28 de abril pasaron as eleccións xerais, cos resultados de todos coñecidos, e mentres a lexislatura está a pórse en marcha malia que aínda non se constituíu o Parlamento e está pendente a sesión de investidura do novo xefe de Goberno, estamos metidos de cheo noutro período electoral no que haberá que decidir tres cousas: quen goberna nas corporacións locais e quen serán os próximos alcaldes en todos os concellos de España, que partidos gobernarán e quen serán presidentes nas doce comunidades autónomas que celebran estas eleccións ao mesmo tempo que as locais e, finalmente, quen serán os representantes españois no Parlamento Europeo.

Todo iso ocorrerá o 26 deste mes, un grande día para a democracia. Vexamos como se vai desenvolver, seguindo o esquema formal que xa empregamos cando presentamos hai pouco as eleccións xerais e no e-studio de noticias que podeades atopar na web de Prensa-Escuela:

■ <https://www.prensaescuela.es/tiempos-de-elecciones/>

ALGO IMPORTANTE

En cada proceso electoral queda constituída unha Xunta Electoral Central, que é a encargada de organizar e controlar o desenvolvemento da votación. O corpo electoral en cada convocatoria queda fixado no censo electoral, que é a lista pormenorizada na que aparecen, unha por unha, todas as persoas que teñen dereito a votar. Nese censo determínase o colexio electoral e a mesa en que ten que votar cada un, porque non se pode facer onde a calquera se lle ocorra. Isto é necesario para garantir que non haxa fraude.

Cada mesa electoral está formada por un presidente e dous vogais elixidos pola Xunta Electoral mediante un sorteo entre todos os habitantes dunha circunscrición que cumpran certos requisitos. Na mesa tamén pode haber apoderados dos partidos políticos, representantes oficiais destes que poden comprobar canto suceda no transcurso da votación.

A mesa dispón dunha listaxe completa do censo da súa circunscrición e cada votante que acode a ela dispón dun cartón, que lle enviara a Xunta Electoral, no que se indica exactamente a mesa na que toca votar. Cando o votante se achega, o presidente pídele a súa identificación, compróbaa e comproba tamén a listaxe do censo. Entón o votante deposita o seu sobre na urna e o presidente marca na listaxe que exerceu o seu dereito. Deste xeito garántese que a identidade do votante é a correcta e que só poida votar unha vez.

Ao final do día, cada mesa fai o recuento dos resultados e o número de papeletas de voto dentro da urna ten que ser igual ao de votantes sinalados nas listas do censo despois de ter exercido o dereito a votar.

1. Eleccións locais

É o momento de elixir concelleiros e alcalde do noso municipio. Procédese así.

■ **Quen elixen? Corpo electoral.** Nas



PHILIPP GUELLAND / EFE

Á esquerda, cartel electoral do candidato do Partido Popular Europeo, Manfred Weber, e á dereita o da candidata do Partido Socialdemócrata de Alemaña ao Parlamento Europeo, Katarina Barley, en Lauf (Alemaña)

eleccións locais son os veciños maiores de 18 anos empadroados en cada municipio. En cada caso a circunscrición electoral é o termo municipal de cada concello. Unha peculiaridade que presenta este corpo electoral é a de que poden figurar nel persoas que non teñan a nacionalidade española, pero que pertencen á Unión Europea, estean empadroados nalgún municipio español e teñan manifestado o seu desexo de ser incluídos no censo. Esta circunstancia é importante en moitos concellos do sur e de Levante que acollen a numerosos xubilados europeos. Tamén os cidadáns doutros países non pertencentes á Unión Europea cos que España teña asinado acordos de reciprocidade poden ter acceso a este privilexio. No censo consta a relación nominal de cada un dos electores con dereito a voto. Faise público con anterioridade á data electoral.

■ **Que se elixe? Contido do voto.** Nas papeletas das votacións municipais aparece unha lista de persoas que aspiran a ser concelleiras en nome dun partido político. O que presenta a lista é o partido e preséntaa como un conxunto. Non son as persoas as que tomaron individualmente a iniciativa, senón que foron elixidas polo seu partido para formar parte dela. Hai candidatos titulares e suplentes nun número que depende da poboación do municipio. A lista de titulares debe coincidir co número de concelleiros que teña asignado cada municipio. A estes pódeseles engadir un número de suplentes. O primeiro da lista aspira a ser o alcalde. O votante non pode engadir ningún nome nin tachar nin cambiar a orde.

■ **Recuento de votos.** Unha vez pechados os colexios electorais, prodúcese o recuento de votos e aplícase o sistema de d'Hondt para establecer o resultado

(véxase a web mencionada). O limiar mínimo de votos establecido nas eleccións municipais para ser admitido no recuento é do 5%. Inmediatamente despois constitúese a corporación municipal, que é o conxunto de todos os concelleiros elixidos, e a súa primeira actuación é a elección do alcalde. Votan todos eles e é elixido o que obteña a maioría absoluta, é dicir, o 50% máis 1 dos votos. Os concelleiros que cada partido teña obtido sempre votan polo cabeza da súa lista ou, se estableceron unha coalición con outro partido, polo cabeza da lista que se determinou na coalición. Se ningún candidato obtívase a maioría absoluta pasaría a ser alcalde o cabeza da lista máis votada.

2. Eleccións autonómicas

Doce comunidades autónomas elixen parlamentarios e a través deles aos seus presidentes.

■ **Quen elixen? Corpo electoral.** Nas eleccións autonómicas fórmanse os españois maiores de 18 anos, empadroados nalgún municipio desa comunidade autónoma. As circunscricións electorais son as provincias.

■ **Que se elixe? Contido do voto.** Elíxese os membros dos Parlamentos autonómicos. Estes só dispoñen dunha Cámara, a de deputados. O sistema de

elección dos deputados autonómicos é basicamente igual ao da elección de deputados do Congreso (véxase a páxina web <https://www.prensaescuela.es/tiempos-de-elecciones/>). As circunscricións electorais son tamén as provincias. O Parlamento autonómico, unha vez constituído, en primeiro lugar elixe o presidente da comunidade co mesmo sistema que se elixe o presidente do Goberno no Congreso dos Deputados das Cortes Xerais.

■ **Recuento de votos.** A diferenza das locais, nestas eleccións non existe un limiar mínimo de votos establecido para todas as comunidades autónomas: cada unha establece o seu. En Galicia é do 5%.

3. Eleccións ao Parlamento Europeo

■ **Quen elixen? Corpo electoral.** Célébranse cada cinco anos de forma conxunta en todos os países membros, aínda que non exactamente na mesma data. O corpo electoral constitúeno todos os cidadáns da Unión Europea que poden exercer o seu dereito ao voto ben no seu país orixinal, ben no seu país de residencia.

■ **Que elixen? Contido do voto.** Cada partido ou coalición de partidos presenta unha lista pechada, igual en toda España porque a circunscrición é única para todo o territorio nacional. Elíxese a lista pechada. A circunscrición electoral é única e abarca a totalidade da nación.

■ **Recuento de votos.** Ao recuento de votos aplícase tamén o sistema d'Hondt e non hai limiar mínimo. O número de parlamentarios que se elixirán en España é de 59, se o *brexit* é xa unha realidade, pero este número pode variar.

> Fernando Pariente


actividades

As eleccións máis próximas aos alumnos son as municipais. Por iso é aconsellable centrar nelas as actividades de aula. Seguir o seu desenvolvemento, presentar os seus resultados analizar as posibilidades que os resultados poidan ofrecer, representar nun cadro aos concelleiros elixidos e os grupos que forman, dirixir unha carta ao novo alcalde.



LUCA GALUCCI

A cara norte do Everest é a máis difícil de escalar



JOHN NOEL

A expedición de 1924. Os dous da esquerda de pé son Irvine e Mallory, respectivamente

O misterio que oculta o Everest

Despois de 95 anos da súa morte, continúa sendo un enigma se os alpinistas británicos George Mallory e Andrew Sandy Irvine coroaron o pico máis alto do mundo antes que ninguén

✚ A última vez que foron vistos con vida foi hai 95 anos, o 8 de xuño de 1924, a uns 300 metros do teito do mundo. Os alpinistas ingleses George Mallory e Andrew Sandy Irvine desaparecieron ao intentar alcanzar o cume do Everest, de 8.848 metros de altura na cordilleira do Himalaia. Ninguén sabe de certo se o lograron ou non; aínda que o seu compañeiro de expedición, o tamén inglés Noel Odell, que os observaba con telescopio desde a distancia e entre a néboa, sostivo ata a súa morte (1987) que o conseguiron. Se algún día se demostra que o fixeron, adiantáronse 29 anos aos soados Edmund Hillary e Tenzing Norgay, as dúas primeiras persoas que coroaron o Everest oficialmente.

A comezos do século XX, o Reino Unido propúxose ser o primeiro país en alcanzar o imponente monte, despois de que outras nacións se lles adiantasen no Polo Sur e no Polo Norte (neste segundo caso non era certo, aínda que iso é outra historia). En 1921, púxose en marcha unha expedición británica de recoñecemento do Everest, co fin de buscar rutas desde o Tíbet (ao norte) para atacar o cume. Naquela época, o Nepal (ao sur), o outro país desde o que se pode acceder, estaba pechado aos estranxeiros. O experimentado alpinista inglés George Mallory foi dos primeiros en sumarse ao proxecto e quen estableceu a mellor ruta desde o norte para o que se converteu na súa obsesión: alcanzar a cima do mundo.

OS PRIMEIROS INTENTOS

Un ano máis tarde, en 1922, chegou o primeiro intento británico de facer cume cun sistema rotatorio de equipos, que ían levantando campamentos ao longo de todo o traxecto ata achegarse o suficiente á cima. A primeira tentativa de facer cume correu a cargo de catro alpinistas, entre os que estaba Mallory. Sen axuda de osíxeno chegaron ata os 8.225 metros, establecendo unha marca mundial de altitude. Tamén foron os primeiros en comprobar o esforzo que require camiñar a semellante altura. A dificultade para respirar, as baixas temperaturas e a dura



Andrew Irvine

orografía do terreo fan que cada paso a máis de 8.000 metros consuma tres respiracións dun alpinista experimentado. É a chamada zona da morte, onde respirar vólvese unha tarefa extenuante porque a presión atmosférica descende a un terzo da que hai ao nivel do mar. A partir dese punto non hai xeito de que o corpo se aclimate ao ambiente extremo. Só pode soportalo durante un tempo limitado. Se un alpinista sofre calquera accidente que non lle permita moverse en por si, o seu rescate resulta practicamente imposible.

En 1924 tivo lugar unha nova tentativa, coa terceira expedición británica ao Everest. Nesta ocasión Mallory ascendera a xefe de escaladores, tiña 37 anos e estaba convencido de que non tería



George Mallory

outra oportunidade de pisar a cima do mundo. Para asegurarse que a alcanzaría utilizou suplemento de osíxeno, e escolleu como acompañante ao inexperto Andrew Sandy Irvine, de 22 anos, que era especialmente hábil no manexo das botellas co gas. A noite do 7 ao 8 de xuño durmiron nun campamento a 8.170 metros, coa idea de atacar o cume ao amencer. O seu compañeiro Noel Odell subía detrás deles para esperalos á volta, e apoialos no que fose necesario. Cara á unha menos dez da tarde as nubes dispersáronse por uns minutos, abriuse un claro, e Odell puido ver a través dun telescopio dúas manchas negras empolicadas ao que identificou como o segundo chanzo. Ninguén volveu ver nunca con vida

aos dous escaladores. Comezaba un misterio que perdura ata os nosos días: lograron Mallory e Irvine facer cume?

Tiveron que pasar 29 anos e sete expedicións máis para que o Reino Unido puidese anotarse, por fin e sen ningún tipo de dúbida, a cima do Everest. O 29 de maio de 1953 alcanzárona o neozelandés Hillary e o nepalí Norgay, aínda que como integrantes dun equipo británico. Fixérono por unha ruta desde o sur, polo lado contrario ao transitado por Mallory e Irvine, xa que para os anos cincuenta era o Tíbet o que estaba pechado aos estranxeiros e non o Nepal. Non foi ata 1960 cando unha expedición chinesa logrou completar con grandes dificultades a vía aberta por Mallory.

O CORPO DE MALLORY

Desde entón, o segundo chanzo está considerado un dos puntos máis complicados de toda a ascensión, cunha enorme dificultade técnica a máis de 8.500 metros de altitude, algo que afastou a idea de que Mallory e Irvine puidesen superalo anos atrás. Pero a historia é caprichosa. O 1 de maio de 1999, ano no que nevou extraordinariamente pouco, unha expedición pensada para buscar a Mallory e Irvine atopou o cadáver do primeiro a 8.157 metros de altura. A súa posición indicaba que morrera tratando de frear unha caída. Os descubridores atoparon case todas as súas pertenzas, incluídas unhas lentes de sol no seu peto, polo que parece que se atopaba descendendo de noite. Con todo, faltaba algo que levaba cando abandonou o último campamento: unha foto da súa muller que prometera depositar na cima do Everest? A idea de que chegara tomaba auxe.

Vinte anos despois, aínda hai unha posibilidade de resolver o enigma de se Mallory e Irvine pisaron o teito do mundo antes que ninguén, e é atopar a Irvine xunto coa Kodak que levaban. Esa cámara podería esconder unha foto deles na cima. Con todo, por máis que se buscou, nunca apareceu o corpo do mozo escalador. O misterio continúa.

> Bibiana García Visos

actividades



Oitomiles

Só hai 14 montañas no mundo que superan os 8.000 metros de altitude. Busca cales son e sitúaaas nun mapa. Onde están? Aparecen situadas preto entre si ou están repartidas? Por que crees que se sitúan así? Investiga como se forman as montañas na Terra.



Para curiosos


■ «Al filo de la imposible» O programa documental de televisión recreou no ano 2000 a expedición de Mallory e Irvine. Nesta ligazón podes velo: www.youtube.com/watch?v=n-uHlkSb2Ys

Buscando el centro

Marco Vitruvio fue un arquitecto que vivió en el siglo I antes de Cristo. A él debemos el canon de las proporciones del cuerpo humano que Leonardo immortalizó en su paradigmático dibujo. Vitruvio estableció, por ejemplo, que en relación con la altura total del cuerpo, la del rostro había de ser una décima parte, si bien la cabeza completa llegaba a abarcar hasta una sexta parte. Tras concretar otras proporciones, precisa que el centro de la figura, encerrada en un círculo, está en el ombligo. El maestro de Da Vinci puntualiza otras medidas, y añade que el centro del cuadrado resultante al juntar los pies y extender los brazos en horizontal se encuentra en el pubis. Ese redescubrimiento de los cánones del cuerpo humano, el recuperar humanísticamente el centro tras una Edad Media donde los monjes recurrían siempre al referente divino, es uno de los grandes logros del Renacimiento.

Delfos, la ciudad sagrada de la Grecia antigua, albergaba el Onphalós, el ombligo del mundo, materializado en una piedra grande y redondeada. Estaba en el templo consagrado a Apolo, dios de la profecía, de la filosofía y de las artes, pero donde también se honraba a Dioniso, divinidad asociada al vino y las orgías. Resultaba así la conjunción de las fuerzas creativas racionales y de las festivas e irracionales. En aquel lugar había dos inscripciones que siguen siendo máximas de la filosofía universal: conócete a ti mismo y nada en demasía. Todo muy centrado y equilibrado. Pero sabemos que Delfos no era ningún centro. Muy lejos de Grecia, en el siglo XI, los incas fundaron en un valle andino la ciudad de Cuzco, topónimo que tiene su origen en *Qosqo*, palabra quechua que también significa 'ombligo del mundo'. Los griegos y los incas creían saber dónde estaba el centro.

Muchos siglos después, en la España de nuestros días, existe alguna que otra persona en la política —quizás estaba descentrada— que parece mirarse el ombligo cuando oye hablar del centro. Además tiende a concentrarse en sí misma, en postura fetal, sin ser consciente de que así se aísla todavía más del mundo exterior. El centro soy yo, piensa. Seguro que alguien le ofrecerá una visión alternativa, un punto de referencia diferente, y le explicará que



«Hombre de Vitruvio» (c. 1490). Leonardo da Vinci. Galería de la Academia de Venecia


es muy larga nuestra historia cultural y que, además de descubrir individualmente otros centros (así encontramos al hermano, al compañero, al rival y al enemigo), como especie tuvimos que escarmentar aprendiendo que ni la Tierra ni el Sol son el centro del universo, y que la especie humana tampoco es el centro de la creación ni el destino de

Situarse en el centro no es adoptar una postura fetal ni canónica, es una actitud

la evolución. Serenidad. Situarse en el centro no es adoptar una postura fetal ni canónica; es una actitud.

La referencia política nos puede llevar a pensar en otros centros, como los que se encuentran entre la derecha y la izquierda —de la sinuosa calzada, por ejemplo— por donde es más seguro circular, no sea que nos vayamos a la cuneta. El centro suele ser equilibrio, y da la seguridad de que uno puede desviarse algo hacia ambos lados sin salirse del camino. Son las ventajas de la equidistancia.

> Moncho Núñez Centella



actividades

1 El título de esta página se refiere a un verso de las «Nanas de la cebolla» que Miguel Hernández escribió en 1939, encarcelado. Joan Manuel Serrat puso música a algunas estrofas que puedes escuchar aquí:

■ https://www.youtube.com/watch?v=Eed6g_9H6NQ

Al hacer poesía sobre los primeros dientes de su hijo de ocho meses Hernández escribió: «Frontera de los besos / serán mañana, / cuando en la dentadura / sientas un arma. / Sientas un fuego / correr dientes abajo/ hincando el centro». Parece que en el manuscrito original dudó entre «buscando el centro» e «hincando el centro». ¿Con qué expresión te quedas?

2 La posición del centro de gravedad de un cuerpo es clave para su equilibrio. Indica cuáles de las siguientes variables influyen en la posición del centro de gravedad:

- La forma del cuerpo
- La distribución de su masa
- La temperatura del cuerpo
- La temperatura exterior

3 Julio Verne publicó su novela «Viaje al centro de la Tierra» en 1864. Indica, en función de tus conocimientos actuales de geología, por qué no sería posible aquella aventura.

4 Imagina que quieres determinar el centro geográfico de Galicia. ¿Qué criterios te parecen oportunos? ¿Cuántas medidas tendrías que realizar? ¿Cuál es tu ayuntamiento elegido?

5 Un triángulo como el ABC (en rojo) tiene distintos centros. El circuncentro (O) es el centro del círculo circunscrito (en azul), el incentro (I) es el centro del círculo inscrito (en naranja), el ortocentro (H) es donde se cruzan las alturas (en verde) y el bari-centro (G) es donde se encuentran las medianas. Sugiere qué aplicación crees que puede tener cada uno de esos centros para distintas tareas o profesiones.



Iipse dixit

El centro de la Tierra no es el centro del universo, sino solo de la gravedad y de la esfera lunar

Nicolás Copérnico (1473-1543)

Si se coloca el centro de gravedad de la vida en el más allá, se ha arrebatado el centro de gravedad de la vida en general

Friedrich Nietzsche (1844-1900)

El universo es una esfera infinita cuyo centro está en todas partes, y la circunferencia en ninguna

Blaise Pascal (1623-1662)

La oscuridad nos envuelve a todos, pero mientras el sabio tropieza en alguna pared, el ignorante permanece tranquilo en el centro

de la estancia

Anatole France (1844-1924)

La biblioteca es una esfera cuyo centro cabal es cualquier hexágono, cuya circunferencia es inaccesible

Jorge Luis Borges (1899-1986)

El corazón es centro, porque es lo único de nuestro ser que da sonido

María Zambrano (1904-1991)